

OS OUTROS DÍAS

¿Presidir ós escritores galegos?

O outro día de aí atrás, o meu admirado Camilo Franco, a propósito do que seica lle pide a cultura galega ó novo conselleiro encargado do caso, cometeu un lapsus, se é que o foi, que ó millor non, non foi, que me afecta e polo tanto comento.

Escreveu Camilo que “o presidente dos escritores galegos sinala que...” e por iso non lle paso. Franco referíase ó presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega. Ó presidente da AELG, a efectos de aforro e millor entendemento. A AELG, a asociación da que servidor foi non só socio fundador (así que algo de cariño se lle garda) senón tamén o seu primeiro vicepresidente e mesmo o seu primeiro e non sei se único dimisionario efectivo. Isto é algo moi de ter en conta, digo eu, neste país de xentes tan querenciosas dos carguiños, sexan estes os que sexan, pois sempre algo de mando proporcionan.

Ó presidente da AELG, entendo eu, abóndalle con presidir a asociación, que se pretendeu colexial e non sei se o é de todo. Pero presidir ós escritores galegos antóllaseme



Alfredo Conde
Escritor, Premio Nadal
e Nacional de Literatura

*Ós galegos gústanos mandar.
De mandar no que sexa,
mesmo dende detrás da
ventanilla da administración
pública ou privada, pero
de mandar algo e nalguén*

moito presidir e non creo que nin Don Cesáreo Sánchez o pretenda. Se o fai non lle arrendaría eu a gañancia. Ou si, quen sabe. En todo caso o señor Sánchez, quede claro, representa ós escritores asociados, pero non ós escritores galegos.

Existe unha vella afirmación, que fala da variada idiosincrasia ibérica, na que se comenta que non hai nada peor que catalán

con botas, basco con sombreiro, galego con mando e andaluz con diñeiro. A nós isto de mandar a verdade é que se nos da moi ben. E que axiña se nos coñece unha vez que se nos da a oportunidade de nos exercitar nas responsabilidades propias de tal oficio. Non lle aumentemos a Don Cesáreo as súas e non o confundamos.

Dende Francisco Franco a Fidel Castro, ou á inversa, pasando por algúns máis que farían onerosa a lista, hai exemplos abondos do moito que nos gusta mandar. De mandar no que sexa, mesmo dende detrás da ventanilla de calquer administración pública ou privada, pero de mandar algo e nalguén. Respectemos as funcións do presidente da AELG. Por iso eu non paso de largo por afirmación tan perigosa como a que se encerra na frase camiliana. Non porque teña nada en contra do egrexio presidente dos escritores asociados, nada diso. Ademais o señor presidente sabe un mundo desa promoción exterior da nosa cultura que en nome de todos nós, e moi axeitadamente, reclama.